

BASES DE SELECCIÓN E PARTICIPACIÓN NO CAMPAMENTO TECNOLÓXICO

1 INFORMACIÓN XERAL

O Campamento tecnolóxico terá lugar do 1 ao 12 de agosto, de luns a venres no horario de 10.30 a 14 h na Aula de Informática do Auditorio de Rianxo.

2 DESTINATARIOS/AS

Mozos e mozas nadas entre os os anos 2004 e 2009.

Terán preferencia as persoas empadroadas no termo municipal de Rianxo.

O campamento promove a necesidade de rachar cos estereotipos de xénero, polo que procurará os mecanismos necesarios para acadar a paridade de participantes de ambos sexos.

O número máximo de prazas é de 16.

3 INSCRICIÓNS

As solicitudes de inscrición faranse a través da web municipal (<https://concelloderianxo.gal>) ou de forma presencial nos departamentos de Xuventude ou Informática no Auditorio de Rianxo.

O prazo de solicitude é ata o 14 de xullo, se ben, no caso de non cubrirse as prazas, seguiranse admitindo solicitudes posteriormente.

4 SELECCIÓN

Por adxudicación directa: se ao remate do prazo de inscrición non se cubriron todas as prazas, todas as solicitudes serán admitidas, e as solicitudes seguintes adxudicaránse directamente por orde de solicitude.

Por sorteo: se o número de solicitudes supera o número de prazas, procederase a sortear as prazas e á creación dunha listaxe de agarda por medios electrónicos nun sorteo público.

Para este sorteo teranse en conta as dúas preferencias indicadas na base 2: a prioridade ás persoas empadroadas no municipio, e a promoción da paridade de xénero. Segundo isto, estarán garantidas, canda menos, a metade das prazas para as solicitudes das mozas.

O mecanismo do sorteo será o seguinte: incorporaranse todas as solicitudes das persoas de ambos sexos empadroadas no municipio, e elaboraranse de forma aleatoria unha listaxe de preferencia, da que se irán adxudicando as prazas por orde. No momento no que se cubran a metade das prazas con mozos, deixaránse de adxudicar prazas a mozos, a menos que se esgoten as de mozas. Se ao final do sorteo quedasen prazas vacantes, sortearanse entre as persoas non empadroadas seguindo o mesmo mecanismo.

A listaxe de agarda será cremalleira, alternando moza e mozo.

5 LISTAXE DE ADMISIÓN

A listaxe de admisión, que terá carácter definitivo, publicárase a partir do 18 de xullo na páxina web municipal.

6 RÉXIME DE ASISTENCIA

A non asistencia xustificada ao inicio da actividade resultará na suspensión da participación e na perda da praza, que será ofertada á seguinte persoa na listaxe de agarda.